



A NÓS non nos  
exclúe ningún!

¡A nosotr@s no nos  
excluye nadie!

## CONCELLOS AO SERVIZO DAS PERSOAS

Propostas EAPN Galicia contra a pobreza e a exclusión social perante as Eleccións Municipais 2019

Os concellos son a administración pública na que máis se percibe a inxusta realidade das persoas que na nosa comunidade malviven na pobreza ou na exclusión social. As persoas profesionais ou voluntarias de concellos ou das organizacións de acción social comprobamos **que a un de cada cinco cidadáns galegos (22,6% no 2017) se lles nega o seu dereito a unha vida digna e a unha auténtica inclusión social e laboral.**

As eleccións municipais celébranse cando **é evidente que a recuperación económica non está chegando as persoas en pobreza severa.** O seu número aumenta en toda España e tamén en Galicia onde 192.000 persoas (7,1%) vivían no 2017 nesta situación.

**A feminización da pobreza avanza tamén en Galicia,** entre 2016 e 2017 30.507 homes saíron da pobreza, mentres 20.913 mulleres entraron nela.

É urxente e vital para o futuro de Galicia **loitar contra a empobrecemento de mozos e mozas** así como **evitar a súa transmisión interxeracional** e que o 80 % das nenas e nenos que hoxe viven en familias na pobreza estean condenados a sufrila o resto da súa vida, así como as súas fillas e fillos.

As eleccións do 26 de maio celébranse cando **asistimos a unha explosión dos prexuízos, estereotipos, intolerancia e ata desprezo e aporofobia** ás persoas en pobreza ou exclusión, como ven de recoñecer o Parlamento de Galicia<sup>1</sup>.

## COMPROMISO COAS PERSOAS

En toda a lexislatura **é factible reducir, cando menos, nun 20%** as persoas que se atopan en situación de risco de pobreza e exclusión (ARPE, Enquisa Estrutural Fogares, IGE 2018).

Para acadar este obxectivo, ademais do compromiso xenérico de **aumentar a partida de Actuacións de Protección e Promoción social como mínimo nun 20% sobre o gasto executado no 2017,** propoñemos a todas as persoas candidatas as vindeiras eleccións municipais do 26 de maio a asunción dos seguintes 5 principios xerais e 10 medidas:

### 5 PRINCIPIOS

1. Aplicar o **enfoque de Inclusión Activa non asistencialista.**
2. **Garantir o respecto á dignidade das persoas en risco de pobreza ou exclusión.**
3. **Fomentar a máxima coordinación interadministrativa e corresponsabilidade política e técnica na loita contra a pobreza e a exclusión.**

<sup>1</sup> <http://www.parlamento.gal/Actualidade/2465/declaracion-institucional-do-parlamento-de-galicia-con-motivo-do-dia-internacional-para-a-erradicacion-da-pobreza>

4. Crear no concello (entre varios ou de xeito mancomunado) unha **Mesa pola inclusión social e o emprego**, que asegure a **participación e coordinación política e técnica** entre todas as institucións e axentes sociais implicados. E que normalice especialmente o **diálogo civil** coas **Organizacións de Acción Social** especializadas.
5. Non admitir o lucro na loita contra a pobreza e a exclusión.

## 10 MEDIDAS

1. Establecer no 2020 un **Plan integral de loita contra a pobreza e pola inclusión social e laboral das persoas vulnerables**, como mínimo das recollidas no Artigo 3 da [Lei 10/2013 de inclusión social](#) de Galicia.
2. Loita efectiva e urxente contra a pobreza severa en familias con nenos e nenas. Comezando por **asegurar a educación universal de 0 a 3 anos gratuita** e priorizando en orzamentos e atención profesional o seguimento individualizado das accións encamiñadas a combater a pobreza infantil.
3. Implantar **medidas de atención e protección das mulleres vítimas de violencia machista**, en especial as que están en situacións máis extrema: trata, prostitución ou exclusión severa e implicar a toda a cidadanía na defensa da igualdade de xénero.
4. **A vivenda accesible é o primeiro**. Erradicar chabolismo e infravivenda e impulsar medidas contra o sinfogarismo, a exclusión residencial e a vivenda baleira así como fomento do aluguer social e prevención de desafiuzamentos.
5. Implantar un **programa de emprego municipal para persoas en situación de exclusión** que evite a dispersión de medidas e esforzos e que asegure a coparticipación constante das empresas e a integralidade de todas as etapas do proceso de inserción sociolaboral: orientación, formación prelaboral e laboral, prospección, acompañamento, inserción, seguimento, avaliación...
6. Priorizar a **accesibilidade nos orzamentos de investimentos e obra pública municipal**, establecendo no 2020 un **Plan urxente de Accesibilidade Universal** que asegure a liberdade de movementos das persoas con calquera tipo de discapacidade ou dependencia, nas súas vivendas e no seu entorno, dacordo coa [Lei 10/2014 de accesibilidade](#).
7. Manter **servizos básicos contra a exclusión territorial e a pobreza rural**: sanitarios, sociais, educativos, transporte ou vivenda e **erradicación da fenda dixital** e de acceso ás novas tecnoloxías.
8. Facilitar o acceso da cidadanía aos servizos e recursos creando con urxencia en concellos, deputacións e FEGAMP unha **comisión técnica de redución drástica da burocratización extrema e discrecionalidade** na aplicación dos procedementos administrativos, que asegure a coherencia, homoxeneización e seguridade xurídica na interpretación da normativa vixente.
9. Non admitir diferenzas entre "*pobreza de aquí e de alá*". Entendendo a **cooperación para o desenvolvemento e a educación para o desenvolvemento** e a cidadanía global como **unha política social pública máis**, adicar unha partida non

inferior ao 0,4% do orzamento consolidado a este fin mediante convocatorias públicas anuais.

- 10. Impulsar o voluntariado e a participación social.** Especialmente cun **programa específico contra a soidade das persoas maiores** que favoreza o acompañamento e a convivencia interxeneracional.